

Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILANOVA DE AROUSA

Persoal, oposicións

*PROCESO DE SELECCIÓN DE POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO COMO
FUNCIONARIO INTERINO.*

ANUNCIO

PROCESO DE SELECCIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO COMO FUNCIONARIO INTERINO

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilanova de Arousa na xuntanza celebrada o día 3 de outubro de 2017 aprobou as BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POR FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, que se insiren como Anexo ao presente anuncio.

Vilanova de Arousa a 13 de outubro de 2017.

O ALCALDE.

Gonzalo Durán Hermida.

ANEXO

*BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POR FUNCIONARIO/A
INTERINO/A, DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE
PERSOAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.*

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilanova de Arousa celebrada o día 3 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar as bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, por funcionario/a interino/a, dun posto de traballo de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal do concello de Vilanova de Arousa.

PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA, CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

1.1. As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso selectivo para a cobertura, por funcionario/a interino/a, dun posto de traballo de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal do concello de Vilanova de Arousa que se atopa vacante, nos termos previstos nos artigos 10.1.a)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:IMP0FWHDW4DW9R3K



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigos 23.2.a). da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

1.2. O posto de traballo de arquitecto/a pertence ao cadro de persoal funcionario do concello de Vilanova de Arousa. Está configurado do seguinte xeito na vixente RTP de persoal funcionario do concello:

- Denominación: Arquitecto/a
- Área de adscrición: Urbanismo
- Subgrupo: A 1
- Tipo de posto: Singularizado (S)
- Escala e Subescala: Administración Especial. Técnica Superior.
- Tipo de provisión: Concurso-Oposición
- Nivel C. Destino: 26
- C. Específico (12 meses): 11.959,53 €.
- Retribución bruta anual: 38.896,87 €.
- Requisitos titulación: Título de Arquitecto

1.3. Entre as tarefas a desenvolver no dito posto de traballo pola persoa que resulte seleccionado atópanse, a título meramente enunciativo as seguintes:

- Redacción de proxectos técnicos de obra.
- Supervisión de proxectos de obras.
- Redacción e tramitación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística.
- Dirección e recepción de obras.
- Coordinación de seguridade e saúde de obras.
- Xestión administrativa e informe dos expedientes de disciplina urbanística.
- O informe e asesoramento aos distintos órganos da Corporación en materia urbanística.
- Aquelas outras que se lle encarguen relacionadas co área de urbanismo do concello.

Os expedientes de disciplina urbanística e os informes que se lle encarguen polos distintos órganos da Corporación serán tramitados a través da plataforma de administración electrónica operativa no concello ao efecto.

1.4. A persoa que resulte seleccionada neste proceso selectivo será nomeada polo Alcalde-Presidente do concello de Vilanova de Arousa como funcionario/a interino/a do mesmo, séndolle de aplicación o réxime xurídico que para o dito persoal se establece no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigos 23, 24 e 25 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

SEGUNDA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

2.1. Para seren admitidos ao proceso selectivo realización os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público que dispón que poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación establecida para os funcionarios públicos.

c) Estar en posesión do título oficial de Arquitecto/a, expedido con arranxo á lexislación vixente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

2.2. Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, a lo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

TERCEIRA.—SOLICITUDES

3.1. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do concello de Vilanova de Arousa conforme ao modelo de instancia que figura como Anexo II destas Bases. A dita instancia conterà, ó menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria, xuntando á instancia a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Xustificante de pago da taxa de 20,00 euros, por aplicación do disposto no artigo 7.2 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos aprobada polo Pleno o día 13 de outubro de 2004 (BOP nº 248 correspondente ao día 28 de decembro de 2004). A estes efectos sinalase a seguinte conta do concello na que se debe realizar o ingreso:

ABANCA ES81 - 2080 - 5070 - 7430 - 4000 - 5309

- Fotocopia compulsada ou certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega (Celga 4 ou equivalente), salvo que non se posúa.
- Un escrito relacionando os méritos que se aleguen para participar na fase concurso ao que se engadirán os documentos acreditativos dos mesmos co contido e forma descritos na Base 6ª.2..A).

3.2. As presentes Bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra na páxina web do concello www.vilanovadearousa.com, dentro do perfil “oferta pública de emprego”. Posteriormente, noutra publicación distinta, publicarase a convocatoria tamén no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do concello www.vilanovadearousa.com, dentro do perfil “oferta pública de emprego” e, ademais, mediante a inserción dun anuncio nun dos diarios de maior difusión na comarca.

3.3. O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Para o caso de as ditas publicacións da convocatoria se efectuasen en datas distintas entenderase que o prazo se abre ao día seguinte hábil da primeira publicación e que se pecha transcorridos os 10 días hábiles seguintes ao da última das mesmas.

3.4. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do concello de Vilanova de Arousa, en soporte papel ao non ter creado aínda este concello o seu Rexistro Electrónico Xeral nin a súa sede electrónica, ou ben, en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos antes de ser certificada. Neste caso resulta aconsellable que os aspirantes comuniquen mediante fax ou correo electrónico durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de seren presentada a solicitude noutra Administración Pública.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

3.5. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.—ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

4.1. Rematado o prazo fixado para a presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución relativa á aprobación da lista de aspirantes admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión. A dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. No caso de non existir excluídos, a lista será considerada como definitiva.

4.2. No caso de existir aspirantes excluídos, disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que dera motivo á exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva, así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

QUINTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. O tribunal cualificador deste concurso-oposición terá a seguinte composición:

- Presidente: Javier Bouzada Romero, Secretario Xeral do concello de Vilanova de Arousa.
- Secretaria: Magdalena Méndez Suárez, Técnico de Administración Xeral do concello de Vilanova de Arousa.
- Vogais:
 - Luis Taboada Hervella, Interventor Xeral do concello de Vilanova de Arousa.
 - Susana Rivadulla López, Arquitecta, Xefa do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.
 - María del Carmen Gómez Manzano, Arquitecta, Xefa do Servizo de Arquitectura e Urbanismo da Deputación Provincial de Pontevedra.

Se fose necesario se nomearán mediante resolución da Alcaldía publicada na páxina web do concello, os correspondentes suplentes.

5.2. O tribunal de selección actuará como un órgano colexiado e a súa composición se axusta aos principios de imparcialidade, profesionalidade e paridade de xénero dos seus membros que actuarán sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Todos os membros do tribunal pertencen a un corpo, escala ou subescala na que, para o seu ingreso se require unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar neste proceso selectivo, consonte ao mandato establecido no artigo 59.2.4. da Lei da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.



5.3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ó Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tiveran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

5.4. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.5. Pola alcaldía se fixará e comunicará aos seus membros a data e hora na que deberá constituírse o tribunal unha vez aprobada a lista definitiva de aspirantes admitidos ao proceso selectivo.

5.6. Para a válida constitución do tribunal e para a celebración de todas as súas sesións se esixe, como mínimo, a presenza de tres dos seus membros. En caso de discrepancia entre eles as decisións se adoptarán por maioría, decidindo o voto de calidade do presidente en caso de empate.

5.7. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde, impulso e desenvolvemento do proceso selectivo.

5.8. Os membros do tribunal percibirán pola súa asistencia ás sesións do mesmo dietas e, no seu caso, indemnizacións por desprazamento, na mesma contía e condicións que a establecida para os empregados públicos da Xunta de Galicia.

SEXTA.—SISTEMA E PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

6.1. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección deste proceso será o de concurso-oposición libre mediante un procedemento áxil que respecta os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia, nos termos previstos no artigo 24.1. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

6.2. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A puntuación máxima alcanzable no conxunto do proceso selectivo será de 20,00 puntos, consonte ao seguinte esquema:



6.2.A. FASE DE CONCURSO

Realizarase con carácter previo á fase de oposición. A puntuación obtida nesta fase non poderá alcanzar os 8,00 puntos que representa o 40 % da puntuación máxima alcanzable no concurso oposición.

Unha vez constituído o tribunal procederá a baremar os méritos alegados polos aspirantes. O tribunal publicará as puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso median mediante acordo que se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello.

Os aspirantes poderán presentar reclamacións contra as puntuacións outorgadas nun prazo de cinco (5) días hábiles seguintes ao da dita publicación.

No caso de que non se presenten reclamacións ou alegacións, as puntuacións outorgadas nesta fase serán consideradas como definitivas. No suposto de que se presenten reclamacións o tribunal deberá adoptar novo acordo estimándoas ou desestimándoas coa publicación do correspondente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello. En todo caso o tribunal publicará na forma indicada un anuncio declarando conclusa a fase de concurso.

Aos efectos de valoración de méritos, precisase expresamente que non serán valorados os méritos non invocados, nin tampouco aqueles que, aínda sendo invocados, non sexan debidamente acreditados no prazo de presentación de instancias, e xunto con esta, polos solicitantes, sen que proceda requirimento de emenda posterior ao efecto, por parte do tribunal.

Nesta fase de concurso valorarase exclusivamente a experiencia profesional con arranxo o seguinte baremo de méritos:

6.2.A.1. VALORACIÓN

A Experiencia profesional en postos de traballo de arquitecto prestados nas Administracións Públicas: Ata un máximo de 8,00 puntos consonte ao seguinte esquema:

a) Por teren prestado servizos na Administración Local como arquitecto/a, cun vínculo xurídico funcional, laboral ou contratado administrativo, 0,20 puntos por mes completo de servizos.

b) Por ter prestado servizos en calquera outra Administración Pública como arquitecto/a, cun vínculo xurídico funcional, laboral ou contratado administrativo, 0,15 puntos por mes completo de servizos.

c) Polos servizos prestados como arquitecto/a na Administración Local en virtude de contratos de servizos de consultaría e asistencia técnica en materia urbanística subscritos conforme a normativa de contratos das Administracións Públicas que requirisen presenza física continuada nas dependencias administrativas, con exclusión neste último caso dos servizos prestados de forma illada ou esporádicos relativos a proxectos técnicos, informes concretos, dirección facultativa de obras, redacción de instrumentos de planeamento e outros similares: 0,10 puntos por mes completo de servizos.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

d) Aos meros efectos do cómputo da valoración da experiencia neste proceso selectivo se equiparan aos servizos prestados na Administración Local como arquitecto/a, cun vínculo xurídico funcionarial, laboral ou contratado administrativo, cos períodos de formación ou prácticas como arquitecto/a realizados nun concello como bolseiro ou becario sempre que os mesmos estivesen incluídos nun Plan de Práctica Laboral dunha Deputación Provincial ou dun concello concreto. A puntuación que se outorgará nestes supostos será de 0,20 puntos por mes completo de servizos.

Para o suposto que os servizos relacionados nos apartados anteriores non se tiveran presentado na modalidade de xornada completa, o tribunal adxudicará as valorando a porcentaxe de xornada a tempo parcial sobre a xornada completa, aplicando unha simple regra de tres en cada caso.

6.2.A.2. ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

a) Os servizos prestados nos apartados a) e b) anterior acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso, os seguintes documentos:

1) Certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública na que conste o posto de traballo desenvolvido, o vínculo xurídico co que se prestou, o tipo de xornada (completa ou parcial indicando neste caso o número de horas) e mailo período de tempo de servizos prestados.

2) Certificado da vida laboral actualizado do solicitante expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou vía on line con acceso dixitalizado de sinatura.

Para o caso de non se ter presentado este último documento non se valorarán os servizos alegados.

b) Os servizos prestados no apartado c) anterior como arquitecto/a na Administración Local en virtude de contratos de servizos de consultaría e asistencia técnica en materia urbanística subscritos conforme a normativa de contratos das Administracións Públicas que requirisen presenza física continuada nas dependencias administrativas, acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración Local na que conste:

- A natureza xurídica do contrato.
- O seu obxecto.
- O horario de presenza física continuada nas dependencias administrativas do contratista.
- O período de vixencia do contrato.

Na certificación que se aporte deberá recollese integramente toda esta información, pois en caso contrario os servizos non serán valorados.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

c) Os servizos prestados no apartado d) anterior en períodos de formación ou prácticas como arquitecto/a realizados nun concello como bolseiro ou becario sempre que os mesmos estivesen incluídos nun Plan de

Práctica Laboral dunha Deputación Provincial ou dun concello concreto, acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da Deputación Provincial ou do concello na que conste:

- A denominación do Plan no que se prestaron os servizos.
- A natureza xurídica do vínculo.
- O período de formación.
- O horario de prestación dos servizos.
- O concello onde se prestaron.

6.2.B.—FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios polos aspirantes cunha puntuación máxima alcanzable de 12,00 puntos o que representa o 60 % do puntuación total do proceso selectivo.

6.2.B.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Unha vez rematada a fase de concurso, os aspirantes admitidos serán convocados polo tribunal á realización do primeiro exercicio en chamamento único, sendo excluídos aqueles que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Este primeiro exercicio será de carácter teórico e consistirá en contestar durante o tempo máximo dunha hora e trinta minutos, unha proba de 80 preguntas, como máximo, tipo test, relacionadas coas materias do programa detallado no Anexo I e Anexo II, correspondentes tanto á parte xeral, como á parte específica, con respostas alternativas das que só unha delas será a correcta.

As respostas erróneas penalizarán de forma que por cada resposta incorrecta descontarase o 50% do valor atribuído á resposta correcta. As respostas en branco non penalizarán. Este exercicio será cualificado de 0 a 8,00 puntos, a razón de 0,10 puntos por cada resposta acertada.

Aqueles aspirantes que obteñan as dez (10) mellores puntuacións serán convocados para a realización do segundo exercicio quedando excluídos automaticamente do proceso selectivo aqueles aspirantes que non logren clasificarse entre os dez que obteña na mellor puntuación no mesmo. Para o caso de que existan dous ou máis aspirantes con empate na décima mellor puntuación, serán admitidos e citados todos eles para a realización do segundo exercicio.



6.2.B.2. SEGUNDO EXERCICIO

Os aspirantes serán convocados ao segundo exercicio en chamamento único sendo excluídos desta oposición aqueles que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

Este exercicio será de carácter práctico e consistirá en responder durante o tempo que determine o Tribunal previamente a súa realización, cun (máximo de catro horas), ao suposto ou supostos prácticos que polo mesmo se determinen, relacionados coas materias do programa detallado no Anexo II, correspondentes á parte específica, e relativos a tarefas propias das funcións asignadas ao posto de traballo de arquitecto.

Neste exercicio os opositores poderán utilizar textos legais non comentados aínda que si concordados para a súa realización.

Neste exercicio valoraranse polo tribunal os coñecementos dos aspirantes, a orde e claridade de ideas, a claridade da exposición escrita, a aportación persoal do aspirante e a súa capacidade de síntese e a resolución proposta e será valorado de 0 a 4,00 puntos.

Este segundo exercicio deberá ser lido obrigatoriamente polo aspirante ante o Tribunal en lectura pública. A estes efectos na mesma resolución pola que se convoque aos aspirantes para a realización deste segundo exercicio, se indicará o lugar, día ou días e a hora ou horas de lectura do exercicio, sendo excluídos do proceso selectivo aqueles que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

A orde de actuación dos aspirantes comezará pola letra “K” de conformidade coa Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG nº 20 do 30 de xaneiro de 2017) polo la que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de aplicación supletoria ao persoal da Administración Local de Galicia consonte ao disposto no artigo 4.1.b) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia. No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra seguinte, e así, sucesivamente.

6.2.B.3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Aqueles aspirantes que non acreditasen o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) cuxa fotocopia compulsada xuntarán á instancia para participar no proceso selectivo e que se atopen entre os dez (10) chamados á realización do segundo exercicio da fase de oposición, terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

A dita proba será cualificada como Apto/Non apto, quedando excluídos automaticamente do proceso selectivo os opositores declarados non aptos.



A dita proba consistirá nun exame tipo-test de 20 preguntas con catro respostas alternativas que se realizará en unidade de acto co segundo exercicio da fase de oposición dentro do tempo concedido para a realización deste exercicio. Para ser declarado apto/a se necesita ter acertado, como mínimo, 10 preguntas. As respostas incorrectas non restarán.

6.2.B.4. REGRAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICIÓN

a) A convocatoria dos aspirantes para a realización do primeiro e do segundo exercicio da fase de oposición así como para a proba de coñecemento do idioma galego efectuarase por acordo do tribunal que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, cunha antelación mínima de cinco (5) días naturais a da data de realización do correspondente exercicio.

b) O tribunal publicará as puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición así como as da proba de coñecemento do idioma galego mediante acordo que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. Os aspirantes poderán presentar reclamacións contra as puntuacións outorgadas nun prazo de cinco (5) días hábiles seguintes ao da dita publicación. No suposto de que se presenten reclamacións o tribunal deberá adoptar novo acordo estimándoas ou desestimándoas coa publicación do correspondente acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

c) Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos. Non se permitirá o acceso ao recinto no en que se realizará o exame con teléfono móbil ou con calquera outro dispositivo electrónico.

d) En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

e) Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ao Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

SÉTIMA.—CUALIFICACIÓNS FINAIS E PROPOSTA DO TRIBUNAL

7.1. A cualificación final do proceso selectivo obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

7.2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública o resultado final do proceso selectivo por orde de puntuación mediante a súa na páxina web e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

7.3. O Tribunal en ningún caso poderá declarar que resultou seleccionado mais dun aspirante e elevará a proposta correspondente á Alcaldía. Calquera proposta que contraveña este límite será nula de pleno dereito. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

7.4. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida no segundo exercicio ata que o empate se resolva. De persistir aínda o empate este resolverase atendendo á mellor puntuación obtida na fase de concurso e, de manterse o empate, mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

OITAVA.—TOMA DE POSESIÓN COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A

8.1. Rematado o proceso selectivo coa proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ditará resolución nomeando funcionario/a interino/a ao aspirante proposto, fixando a data de súa toma de posesión que, en todo caso, non será anterior ao día 1 de xaneiro de 2018.

8.2. O perfeccionamento do dito nomeamento queda condicionado á súa toma de posesión de xeito que se o/a aspirante seleccionado/a non tomase posesión na data que se lle indique decaerá no seu dereito e a alcaldía, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base 7.1., poderá acordar o nomeamento como funcionario/a interino/a do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen, respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na dita relación, indicando no dito nomeamento a data da súa toma de posesión.

8.3. No suposto de que durante o tempo en que o/a funcionario/a interino seleccionado/a nesta proceso selectivo cause baixa na relación de servizo co concello pola razón que sexa, a alcaldía poderá igualmente facer uso da facultade recollida no apartado anterior e proceder ao nomeamento con carácter de funcionario/a interino/a por substitución doutro/a que ocupa posto de traballo vacante durante o tempo de ausencia deste.

NOVENA.—RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES DO POSTO DE TRABALLO

O réxime de incompatibilidades aplicable ao posto de traballo será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no seu Regulamento.

DÉCIMA.—PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais, informase ós participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de persoal deste concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.



DÉCIMO PRIMEIRA.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES E RÉXIME XURÍDICO

11.1. As bases desta convocatoria vinculan ao concello de Vilanova de Arousa, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

11.2. Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto para a selección de persoal funcionario interino polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; pola Lei 2/1985, do 2 de abril, LBRL e polo Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local e demais normativa concordante.

11.3. As presentes bases poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.4. Contra os acordos do Tribunal que non sexan de mero trámite poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o Alcalde de conformidade co disposto no artigo 52.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LBRL, en relación cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.5. Así mesmo o concello poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

ANEXO I
TEMARIO DO PRIMEIRO EXERCICIO

PARTE XERAL

1. A Constitución española, de 27 de decembro de 1978. A Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A normativa estatal e autonómica de réxime local. O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.

4. Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Procedemento de elaboración e aprobación.

5. Os bens das Entidades Locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.

6. O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos.



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

7. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

8. O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Delitos dos funcionarios públicos no exercicio do seu cargo.

As preguntas desta parte xeral do temario non poderán representar máis do 20% das preguntas totais do primeiro exercicio.

PARTE ESPECÍFICA

1. Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

2. A Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia. O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3. Clasificación do solo. Réxime urbanístico de cada un das clases de solo.

4. Planeamento urbanístico. Instrumentos de planeamento. O Plan básico autonómico e os plans básicos municipais. A ordenación urbanística provisional.

5. O Plan xeral de ordenación municipal.

6. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. Plans parciais. Plans especiais.

7. Outras figuras de planeamento. Delimitacións do solo de núcleo rural. Estudos de detalle. Catálogos.

8. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Edificios fóra de ordenación.

9. Execución do planeamento urbanístico. Proxectos de urbanización. Obras de urbanización. Áreas de repartición. Polígonos de execución. A equidistribución.

10.—Sistemas de actuación. As Entidades urbanísticas colaboradoras. Patrimonios públicos do solo. Os convenios urbanísticos.

11. Intervención na edificación e uso do solo. Deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. A declaración de ruína.

12. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Parcelacións.

13. Disciplina urbanística. A inspección urbanística. Procedemento de reposición da legalidade urbanística. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia: competencias. Infraccións e sancións.

14.—A normativa urbanística específica do concello de Vilanova de Arousa (Normas Subsidiarias).



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

15. A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia: principios xerais. Os plans territoriais integrados. O programas coordinados de actuación. Os plans e proxectos sectoriais. Os plans de ordenación do medio físico. O Plan de Ordenación do Litoral (POL).

16. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

17. Aspectos de especial incidencia na xestión urbanística dos concellos galegos da lexislación sectorial en materia actividades económicas: A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia e o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento Único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

18.—Aspectos de especial incidencia no planeamento e xestión urbanística dos concellos galegos da lexislación sectorial en materia de Protección Ambiental.

19.—Aspectos de especial incidencia no planeamento e xestión urbanística dos concellos galegos da lexislación sectorial en materia de Augas.

20.—Aspectos de especial incidencia no planeamento e xestión urbanística dos concellos galegos da lexislación sectorial en materia de Costas e Portos.

21.—Aspectos de especial incidencia no planeamento e xestión urbanística dos concellos galegos da lexislación sectorial en materia de Estradas.

22. Aspectos de especial incidencia no planeamento e xestión urbanística dos concellos galegos da lexislación sectorial en materia de Patrimonio Cultural.

23. Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e normativa de desenvolvemento. O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

24. Proxecto de obras. Contido e responsabilidade derivada da súa elaboración. Supervisión de proxectos. Replanteo do proxecto. Execución do contrato de obras. Abonos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.

25. Condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (RD 1627/1997). Disposicións xerais. Disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases do proxecto e execución das obras. Avaliación e prevención de riscos en obras e actividades que non requiran proxecto.

26. A Lei 38 / 1999 de Ordenación da Edificación. Ámbito de aplicación e requisitos da edificación. O proceso edificatorio.

27.—Criterios de valoración: Principios e definicións. Métodos de valoración.

28. Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do arquitecto. Intervencións dos colexios profesionais de arquitectos. O visado colexial.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:IMP0FWHDW4DW9R3K



Luns, 30 de outubro de 2017

Núm. 208

29. Código Técnico da Edificación.

30. Condicións mínimas de habitabilidade. A normativa galega de habitabilidade. A Certificación de eficiencia enerxética.

31. Normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade. Conceptos básicos. Niveis de accesibilidade. O Código de accesibilidade.

32. Actuacións protexidas en materia de rehabilitación. Lexislación estatal e autonómica. Rehabilitación de vivendas e edificios no medio rural e en conxuntos históricos. Remate exterior de vivendas rurais. Infravivenda. Requisitos, condicións e tramitación.

As preguntas desta parte específica do temario non poderán representar máis do 80% das preguntas totais do primeiro exercicio.

ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA

D.....con DNI nº..... con enderezo en
....., correo
electrónico.....e nº de teléfono

EXPÓN:

Que tivo coñecemento do anuncio da convocatoria do proceso selectivo para a provisión dun posto de traballo de Arquitecto coa condición de funcionario/a interino/a vacante no área de urbanismo do concello. Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria,

Que declaro baixa a miña responsabilidade non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, nin estar incurso/a en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente.

Que xunta á presente instancia a documentación esixida nas bases da convocatoria.

SOLICITA: Se lle admita como aspirante no dito proceso selectivo co compromiso expreso de prestar xuramento ou promesa do xeito legalmente previsto para o caso de que fora proposto/a para cubrir o indicado posto de traballo ofertado.

Lugar, data e sinatura do aspirante.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

Praza do Concello nº 1

36620 VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:IMP0FWHDW4DW9R3K

